

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 26 de setembro de 2011 pola que se modifica a Orde do 11 de agosto de 2011 pola que se regula o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 (códigos de procedemento IN214B e IN214A, Diario Oficial de Galicia número 164, do 29 de agosto).

Por Orde do 11 de agosto de 2011 (DOG núm. 164, do 29 de agosto) régulase o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, apróbanse as bases reguladoras das ditas subvencións e procédese á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Con posterioridade á publicación desta orde, esta consellería tivo coñecemento de que a plataforma de presentación de solicitudes para o proceso de selección das entidades colaboradoras tivo problemas técnicos que impediron que persoas interesadas puidesen completar as solicitudes e realizar a presentación telemática exixida no artigo 3.2 do anexo I da citada orde.

Tendo en conta este feito, co obxecto de evitar prexuízos a quen participa neste proceso, de acordo co previsto no artigo 49 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cómpre modificar os prazos de presentación de solicitudes e, consecuentemente, os que derivan desta modificación, e que se recollen nos artigos 3.1 e 13.4 do anexo I da orde de convocatoria, 5.1 e 6.6 do anexo II da citada orde e no anexo V, folia 3.

Por outra banda, e no que se refire ao procedemento de solicitude de axudas recollido no anexo II da citada orde, cómpre engadir á citada orde as obrigas que derivan do previsto no artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Modifícanse os artigos 3.1 e 13.4 do anexo I da Orde do 11 de agosto de 2011 (DOG núm. 164, do 29 de agosto) pola que se regula o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

– O artigo 3.1 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. 1. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 14 de outubro de 2011».

– O parágrafo primeiro do artigo 13.4 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13.4. No prazo dun mes desde a notificación da avaliación previa positiva á entidade colaboradora, deberá realizarse a actuación subvencionable e presentar a entidade colaboradora a documentación xustificativa correspondente. En todo caso, a data límite de xustificación é o 20 de decembro de 2011».

Artigo 2.

Modifícanse os artigos 5.1 e 6.6 do anexo II e o anexo V, folia 3, da Orde do 11 de agosto de 2011 (DOG núm. 164, do 29 de agosto) pola que se regula o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

– O artigo 5.1 do anexo II da citada orde queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. Forma e prazo de presentación das solicitudes de subvencións.

1. O prazo de presentación das solicitudes de axudas quedará aberto a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da relación íntegra de entidades colaboradoras, nos termos que se recollen no anexo I desta orde, e permanecerá aberto ata o 20 de decembro

de 2011, ou ata que se esgote o crédito orzamentario se se produce este esgotamento en data anterior».

– O parágrafo primeiro do artigo 6.6 do anexo II da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6.6. No prazo dun mes desde a notificación da avaliación previa positiva á entidade colaboradora, deberá realizarse a actuación subvencionable e presentar a entidade colaboradora a documentación xustificativa correspondente. En todo caso, a data límite de xustificación é o 20 de decembro de 2011».

– O penúltimo parágrafo do anexo V, folia 3, onde di: «en todo caso, a data límite de xustificación é o 10 de novembro de 2011», queda redactado do seguinte xeito: «en todo caso, a data límite de xustificación é o 20 de decembro de 2011».

Artigo 3.

Engádesse ao anexo II da citada orde a seguinte disposición:

«Disposición transitoria única.

Para os efectos previstos no artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, e cando entre en vigor o desenvolvemento regulamentario previsto no número 1 do citado artigo, será indispensable para optar a estas axudas a inscrición no Rexistro Galego de Comercio».

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria